

## EXPEDIENTE 3666/2022

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A “ASOCIACIÓN GALEGA DE OPERADORAS ARTESANAIS DE ALIMENTACIÓN E PENSOS” PARA A REALIZACIÓN DA “I FEIRA DE ARTESANÍA DA CERVEXA”.

#### REUNIDOS

De unha Parte, D. José Cuñarro Torres, Concelleiro delegado de Obras, Servizos, Festas e Feira do Cabalo do Concello de Lalín (Designado por decreto de Alcaldía do 14/08/20, Boppo nº162 de 24/08/20), que opera no seu nome e representación, de conformidade co establecido nos artigos 61.3 da Lei 5/1997, do 2 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 124.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Pola outra, D. José Carlos Brea Pallares, con DNI 76826547S, na súa condición de Presidente da “Asociación Galega de Operadoras Artesanais de Alimentación e Pensos (AGOAAP)” CIF G16777765 e domicilio social no Lugar de Lagazós nº 19, 36519 Lalín, que actúa no nome e representación da devandita asociación.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e poder bastante para obrigarse de común acordo.

#### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que os días 16, 17 e 18 de setembro de 2022 celebrouse en Lalín a “I Feira de Artesanía da Cervexa”

**Segundo.-** O Concello de Lalín atendendo ao marco competencial e, de acordo co disposto na lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pode, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos expostos no artigo 25 da devandita lei, en cuxo parágrafo segundo establece que: “(...) os municipios exercerán en todo caso como competencia propia (...), a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local (25.2.h), feiras (25.2.i) e promoción da cultura (25.2.m) (...)”.

**Terceiro.-** Que o Concello de Lalín entende que o desenvolvemento da actividade/proxecto “I Feira de Artesanía da Cervexa (LalínBeerFest), presentado pola Asociación Galega de Operadoras Artesanais de Alimentación e Pensos, é de interese xeral para o conxunto da comunidade local, pola súa promoción do comercio e hostalaría locais, así



como tamén na dinamización e atracción do turismo cara a vila que redunda nun incremento do consumo.

**Cuarto.-** Que a Asociación Galega de Operadoras Artesanais de Alimentación e Pensos é unha entidade sen ánimo de lucro, con sede no Concello de Lalín, de recente creación (ano 2021) e promovida por varios produtores locais, entre cuxos obxectivos están potenciar a produción, transformación, distribución e comercialización das operadoras de alimentación artesanal e velar polos dereitos das persoas a alimentarse mediante alimentos que sexan asumibles economicamente, sans e seguros, e polo tanto carecen de actividade comercial como tal e de recursos económicos.

**Quinto.-** Que dada a singularidade da actividade/ proxecto que se vai desenvolver, a AGOAP é a asociación que conta cos medios de contacto e recursos organizativos no ámbito da artesanía alimenticia para levar a cabo a feira proposta.

**Sexto.-** Que a lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións recolle no seu artigo 22.2.c) que as entidades locais poderán conceder de forma directa, de xeito excepcional, aquelas subvencións que se acrediten por razóns de interese público e social.

Por canto antecede, os comparecentes, na representación que exercen, manifiestan a vontade de ambas entidades de subscribir este convenio con suxeición ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira.- FINALIDADE

É obxecto do presente convenio a **concesión dunha subvención nominativa á Asociación Galega de Operadoras Artesanais de Alimentación e Pensos para o desenvolvemento da "I Feira de Artesanía da Cervexa"**, que tivo lugar os días 16, 17 e 18 de setembro de 2022.

### Segunda.- NORMATIVA REGULADORA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu Regulamento.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.
- Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Lalín vixentes no momento de elaboración do presente convenio.



Cod. Validación: 9GWMXTXTR22PF6TY77GK6ZXL | Conexión: https://lalin.sedelectronica.gal/  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8



### Terceira.- PERÍODO DE VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e ata o 15 de novembro de 2022, e amparará as actuacións realizadas dende o 1 de xaneiro de 2022 e ata a data de extinción do convenio (15/11/22) relacionadas coa actividade.

### Cuarta.- OBRIGAS DO CONCELLO DE LALÍN

- O Concello de Lalín comprométese a colaborar na realización do evento achegando á Asociación Galega de Operadoras Artesanais de Alimentos e Pensos a cantidade total de 8.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2022/0/4311/48937/01
- O Concello de Lalín comprométese a facilitar o espazo público nos días que se celebre o evento.
- A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste Convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

### Quinta.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN GALEGA DE OPERADORES ARTESANAIS DE ALIMENTACIÓN E PENSOS

Coa sinatura deste convenio AGOAAP comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, nas condicións que se contemplan na memoria da actividade presentada. En caso de que non sexa posible porque non se execute a actividade, proceder á renuncia expresa da mesma.
- Destinar os fondos achegados polo Concello de Lalín á finalidade contemplada.
- A presentar a documentación xustificativa da mesma nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio.
- A comunicarlle ao Concello por escrito, e no prazo máximo de un mes dende que teña coñecemento da súa concesión, a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades aquí subvencionadas. Esta xustificación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- A conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



- Someterse ás actuacións de control que decida realizar o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, conforme ao estipulado no artigo 14.1.c da lei 38/2003 xeral de subvencións.
- Estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como co Concello de Lalín.
- A reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- A solicitar os permisos e actuacións necesarias para o desenvolvemento da actividade.
- AGOAAP comprométese a **facen constar en lugar ben visible a colaboración do Concello de Lalín**, utilizando para tal efecto os seus anagramas ou logotipos, na forma que se lle indique, en todas as actuacións informativas e divulgativas, así como as posibles publicacións que se fagan relacionadas coas actividades do convenio . Debe así mesmo facilitar ao Concello copia dos carteis e demais publicidade a fin de comprobar que se fai un uso adecuado do logo.

## Sexta.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Unha vez finalizada a actividade, e en todo caso con data límite 15 de novembro de 2022 deberá presentar na sede electrónica do Concello de Lalín, <https://lalin.sedelectronica.gal>, a seguinte documentación:

- Unha memoria detallada do proxecto realizado que conterá unha relación das actividades levadas a cabo, con un exhaustivo detalle dos gastos asumidos, identificación do acredor e do documento xustificativo, o seu importe, data de emisión da factura, e data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 de Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
  - Orzamento detallado de ingresos e gastos das actividades obxecto da subvención.
  - Xustificantes e facturas orixinais (con tódolos requisitos esixidos polo RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do gasto que se subvenciona, segundo o regulado no artigo 30.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro , Xeral de Subvencións e o seu regulamento.
- x Só se admitirán os pagamentos por transferencia bancaria ou cheque nominativo.
- x A estes efectos, os citados xustificantes e facturas serán marcados, pola unidade xestora, cun selo indicando nesta a subvención para a xustificación da cal foron presentados e se o seu importe se imputa total ou parcialmente á subvención (neste último caso indicarse ademais a contía exacta que resulte afectada pola subvención).



- x Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos, segundo o estipulado o artigo 28 da lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
  - x A factura deberá vir especificada en euros e recoller a data de emisión.
  - x Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se, a criterio do Concello, o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá vir acompañado de nota explicativa na que se deduxa unha clara relación do gasto coa actividade que se subvenciona.
  - x Conterá os datos de identificación do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF ou CIF e domicilio).
  - x Conterá os datos de identificación do destinatario que deberá ser a entidade que se subvenciona (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF ou CIF e domicilio).
  - x Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e o seu custe total, importe pagado e moeda. Deberá detallarse o IVE correspondente ou importe equivalente no seu caso, que estea en vigor no país de emisión da factura. Cando a cota se repercute dentro do prezo deberá indicarse "IVE incluído".
- No caso de que se teñan realizado pagamentos que leven retención de IRPF, nos que a obrigada a reter sexa a propia entidade beneficiaria, deberán presentar o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.
  - Achegar certificación IBAN co número de conta corrente á que deba transferirse o importe da subvención, segundo o estipulado na base 33 de execución do orzamento do Concello para o ano 2022.
  - Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración Pública ou de particulares ou entidades privadas tanto aprobadas como pendentes de resolución.
  - Certificación de que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (art. 14.1.e lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións). Así como de estar ao corrente das obrigas tributarias co ORAL e co Concello de Lalín, que este último poderá consultar de oficio previo á resolución da concesión da subvención.
  - Declaración responsable asinada polo Presidente da Asociación, na cal acredita que se cumpren tódolos requisitos que veñen definidos no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións para obter a condición de beneficiario da subvención.
  - Declaración xurada expedida polo presidente da asociación relativa ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida.
  - Acreditación da difusión da colaboración do Concello de Lalín nas actividades mediante mostras gráficas.



O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe ao que ascende o orzamento de gastos. De non xustificarse o total do orzamento de execución do Convenio, o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

Para a concesión desta subvención exímese á Asociación da constitución de garantía.

### Sétima.- GASTOS QUE SE SUBVENCIONAN

Considéranse gastos a subvencionar aqueles gastos correntes que, de maneira ineludible respondan á natureza da actividade obxecto da subvención. En ningún caso se poderán admitir gastos que superen nun 40% o importe da subvención concedida en gastos de manutención e aloxamento.

Considéranse **gastos subvencionables** os seguintes

- Carteis, folletos informativos, vinilos, publicidade do evento.
- Carpa, alugueiro e colocación
- Stands, alugueiro e colocación
- Escenario, alugueiro e colocación.
- Mesas e cadeiras, alugueiro e colocación.
- Instalación temporal de un lavadoiro de louza.
- Alugueiro do servizo de son e megafonía
- Montaxe eléctrico.
- Seguro de RC
- Persoal de Seguridade
- Mandís deseñados para a feira.
- Moedas de plástico deseñadas especialmente para o evento.
- Promoción en redes sociais.
- Custes de deseño de carteis e vasos.

O importe subvencionado polo Concello de Lalín liberarase unha vez presentada a correspondente xustificación por parte da AGOAAP, aprobada a conta xustificativa, e logo da presentación das certificacións acreditativas de que a AGOAAP se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.

A contía que se subvenciona ascende a 8.500,00 euros. Este importe é fixo e xustificarse cos gastos considerados como gastos subvencionables que se recollen nesta mesma cláusula. No caso de que os gastos xustificadas pola actividade fosen inferiores á contía da subvención, reducirase esta na mesma contía. No caso de obter outras subvencións ou axudas para a mesma actividade, deberá xustificarse o importe total da suma de tódalas axudas concedidas, dado que, de ningún xeito, se admitirá o sobre-financiamento do gasto con outras subvencións.



## Oitava.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Co fin de asegurar un adecuado control e seguimento do obxecto, actuacións, contido e execución do presente Convenio, poderá constituírse unha comisión de seguimento con funcións para a interpretación e coordinación das obrigas e dereitos derivados da subscripción do mesmo, previo informe favorable da intervención municipal. Dita comisión estará integrada por representantes das partes asinantes.

## Novena.- CAUSAS DE REINTEGRO.

O incumprimento de algunha das cláusulas dispostas no presente convenio poderá dar lugar ao deber de reintegro total ou parcial dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de

demora que se devindiquen dende o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a orixe do reintegro.

Son causas de reintegro da subvención, ademais do incumprimento do estipulado neste convenio, as recollidas no Título II da lei Xeral de Subvencións e o seu regulamento, e na lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación estarase ao disposto nos artigos 36 e seguintes da lei Xeral de Subvencións e no artigo 91 e seguintes do R.D. 887/2006 de 21 de xullo, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

## Décima.- RESOLUCIÓN

Son causas de resolución:

- A expiración do seu prazo de vixencia.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento total ou parcial das obrigas e compromisos asumidos polas partes.
- A decisión xudicial declarativa de nulidade.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas na lexislación vixente.

## Undécima.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Ambas as dúas partes, comprométese a cumprir en todo momento as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica vixente, que xustifica e lexitima o tratamento dos datos persoais, segundo o disposto na lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións concordantes.

## Duodécima.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.



Cod. Validación: 9GMXMTXTR2PF6TY7T7GK6ZXL | Conexión: https://lalin.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexerese polo estipulado nas cláusulas do mesmo, ou no seu defecto, polo establecido na normativa xeral.

Das cuestións litixiosas xurdidas con motivo da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, coñecerán os xulgados e tribunais competentes da orde xurisdiccional contencioso - administrativa.

En proba de conformidade con todo o anteriormente exposto, ambas as dúas partes asinan este convenio por triplicado en Lalín na data da sinatura electrónica.

AGOAAP,  
O Presidente  
José Carlos Brea Pallares

Concello de Lalín  
O Concelleiro de obras, servizos e festas,  
José Cuñarro Torres

L

K

M

O

